



INFORMACIÓN CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN DE SLE: Portugués (1º BACHARELATO)

Benvidos/as ao curso escolar 2024 / 2025:

O meu nome é Sandra Romarís Hortas, profesor/a de Segunda Lingua Estranxeira: Português do/a seu/súa fillo/a.

O motivo desta circular é informativo, pretende informalos dos criterios de avaliación que se aplicarán durante o curso. Se teñen calquera dúbida, poden solicitar (a través do seu/súa fillo/a) cita para unha titoría comigo os **xoves ás 11:55**. Se se deron de alta no espazo abalar, poden solicitar a cita telematicamente.

En 1º de Bacharelato, a materia de Segunda Lingua Estranxeira: Português ten asignadas 4 horas semanais.

O curso está dividido en 3 avaliacións e trataremos de traballar 6 unidades didácticas, estas non teñen correspondencia coas do libro de texto.

En cada avaliación faremos dúas probas, unha para avaliar a competencia oral e outra a escrita e a final de curso, se fose necesario, faríase unha recuperación de ambas as competencias. As porcentaxes asignadas a cada tarefa son as reflectidas na táboa seguinte:

Probas orais e escritas 80 %	As probas deberán mostrar as competencias adquiridas: expresión oral (20 %), comprensión oral (20 %), expresión escrita (20 %) e comprensión escrita (20 %).
Actividade diaria na aula 20 %	Este apartado pretende avaliar o traballo na clase, así como aqueles traballos realizados na casa e entregados para corrixir.

Para ampliar esta información poderá consultar as programacións no ordenador situado ao lado da conserxaría ou nos ordenadores da biblioteca, así mesmo disponibilizaranse na Aula virtual os criterios de cualificación e recuperación.

Santiago, 30 de setembro de 2024

Asdo: A profesora

Sandra Romarís Hortas
